



PROCEDEMENTO

Modificación do Calendario electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tiro con Arco. Proceso electoral 2022-2025.

ANTECEDENTES

Primeiro. A Federación Galega de Tiro con Arco aprobou na súa Asemblea Xeral Extraordinaria do 23 de abril de 2022 o regulamento electoral para a elección de membros á Asemblea Xeral, á Presidencia e á Comisión Delegada da federación e o calendario electoral estimado do proceso electoral 2022-2025. A Asemblea Xeral delegou na Xunta Directiva a facultade de realizar as modificacións que indique, no seu caso, a Secretaría Xeral para o Deporte.

Segundo. O 25 de abril de 2022 a Federación Galega de Tiro con Arco remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o devandito regulamento electoral xunto coa acta da asemblea xeral onde se aprobou, de data 23 de abril de 2022, e unha proposta de calendario electoral na que se indican as datas estimadas de inicio e remate do proceso electoral.

Terceiro. O 20 de maio de 2022 o subdirector xeral de plans e programas da Secretaria Xeral para o Deporte devolve á Federación Galega de Tiro con Arco o texto do regulamento electoral e do calendario electoral xunto cun requirimento de emenda, realizándose esta o 25 de maio de 2022.

Cuarto. O 22 de xuño de 2022 o Comité Galego de Xustiza Deportiva, por unanimidade, ACORDA ESTIMAR, o recurso potestativo de reposición interposto contra a resolución do CGXD, ditada no expediente 56/2022 por non terse cumprida a normativa electoral correspondente e, polo tanto, declarar que a Asemblea foi celebrada sen cumprir cos requisitos da convocatoria legalmente establecidos. O 17 de xullo de 2022 o CGXD dita resolución aclaratoria na que precisa que a anulación refírese exclusivamente a dito punto do orde do día da Asemblea.

Quinto. O 3 de agosto de 2022 a Federación Galega de Tiro con Arco celebrou nova Asemblea Extraordinaria para a aprobación do regulamento electoral para a elección de membros á Asemblea Xeral, á Presidencia e á





Comisión Delegada da federación e o calendario electoral estimado do proceso electoral 2022-2025.

Sexto. O 4 de agosto de 2022 a Federación Galega de Tiro con Arco remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o regulamento electoral e o calendario electoral aprobados e foi aprobado por Resolución o 5 de agosto de 2022.

Sétimo. O 10 de novembro de 2022, a Comisión Xestora envía a través da sede electrónica proposta de adiamento dos prazos que restan no proceso electoral, tendo en conta que non houbo eleccións presenciais e tampouco recursos contra as candidaturas que resultaron elixidas, e prevendo o adiamento de prazos en caso de ausencia de recursos ante a Xunta Electoral e o CGXD.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Disposición derradeira primeira do Decreto 16/2018 de 15 de febreiro de 2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas Faculta á Secretaria Xeral para o Deporte para adoptar os acordos e ditar as resolucións precisas para a aplicación deste decreto.

2. O artigo 17.4. de dito Decreto establece que é a Secretaría Xeral para o Deporte a competente para a aprobación definitiva do calendario electoral.

3. A resolución aprobatoria do regulamento e calendario electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

De conformidade con todo o indicado, este Secretario Xeral

Resolve:

1.- Aprobar a modificación do calendario electoral da Federación Galega de Tiro con Arco, que se achega selado xunto a esta resolución.

2.- Ordenar á xunta electoral e á Comisión Xestora da Federación Galega de Tiro con Arco difundir a presente resolución e, en todo caso, publicala na





páxina web da federación na sección de procesos electorais e no taboleiro de anuncios da sede federativa.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sola do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral para o Deporte.
José Ramón Lete Lasa.

